

Crterios de Cualificación e Instrumentos de Avaliación en 1º ESO e 3º ESO

Para que a cualificación sexa o máis obxectiva posible, valoraremos o grao de adquisición dos estándares a través de probas escritas, orais, e traballos específicos, ademais da observación do traballo do alumno/a, o caderno, etc.

Realizaranse dúas probas escritas por trimestre . Nunha proba avaliaremos as destrezas de *Listening, Speaking, Reading , Writing*, e noutra o coñecemento da lingua, os contidos sintáctico-discursivos e o vocabulario .

Realizarase tamén unha proba sobre o libro de lectura (*Reader*), na que se avaliarán tanto comprensión como produción escrita.

Así mesmo, os alumnos/as farán distintos traballos: redaccións seguindo un modelo, proxectos sobre un tema proposto, presentacións orais, *role-plays* , etc.

Empregaremos, pois , diversos instrumentos de avaliación para valorar o nivel de logro dos estándares.

A continuación amosamos unha táboa cos instrumentos de avaliación empregados para avaliar os estándares , as porcentaxes aplicadas a cada instrumento, e o peso que cada bloque de estándares tén na cualificación final, tendo tamén en conta a actitude , desglosada nos indicadores de logro.

ESTÁNDARES /BLOQUES	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN				
	Peso Cualificación	Instrumentos			
		Proba escrita	Proba oral	Proba libro lectura	Observación/ Actividades Aula
B1.Comprensión oral	15%	80% (Listening)			20%
B2.Produción oral	10%		80%(Speaking)		20%
B3.Comprensión escrita	15%	80%(Reading)		10%	10%
B4. Produción escrita	10%	80%(Writing)		10%	10%
Contidos sintáctico-discursivos, vocabulario...	40%	100%(Grammar,Vocabulary...)			
<b>ESTÁNDARES ACTITUDINAIS</b>	10%	Asiste a clase, trae o material,traballa na clase, traballa en parellas e grupos, fai os deberes,é respectuoso/a co profesor/a e cos compañeiros/as, amosa interese por aprender, participa, usa o inglés na aula,é curioso/a e puntual na realización e entrega de traballos...			

Aínda que se trata dunha materia con contidos progresivos , o feito de aprobar a 3ª avaliación non implica aprobar o curso. O alumno/a debe ser constante no seu traballo. Terase, pois , en conta o seu esforzo e evolución ao longo do curso.

Para promocionar o alumno/a deberá acadar un **5** sobre 10. A avaliación é continua. Por tratarse dunha materia progresiva, en cada trimestre entrará materia dos trimestres anteriores.

#### Avaliación da proba extraordinaria de setembro

A proba extraordinaria de setembro cualificarase do seguinte xeito:

- proba escrita ( reading, writing, listening,speaking,vocabulary , grammar e libro de lectura): 90%
- actitude e interese ( tarefas realizadas no verán , entregadas correctamente): ata un 10%

#### Criterios de Cualificación e Instrumentos de Avaliación en 2º ESO , 4º ESO e 4º PDC

- Probas escritas: Proba 1: *'listening,speaking(dialogues) , reading , writing'*.  
Proba 2: gramática, vocabulario, tradución .
- Probas orais: probas específicas e / ou actividades orais de aula.
- Traballos: redaccións, exposicións .
- 'Reader' : control e / ou traballo sobre a lectura.
- Caderno : ben presentado.Incluirá o seu propio dicionario de termos novos.
- Observación
- Actitude

Realizaranse dúas probas escritas por avaliación. Para puntuar o apartado de actitude teranse en conta os seguintes aspectos: caderno, tarefas na aula e na casa, entrega puntual de traballos( con boa presentación ), interese e participación, bo comportamento.

Para puntuar a expresión oral , ademáis das probas específicas , valorarase o uso do inglés na aula.

O alumno será avaliado tendo en conta as probas escritas, as probas orais , os traballos entregados, as chamadas de clase, as tarefas realizadas, e a actitude.

Terán que entregar polo menos dúas redaccións por avaliación. Lerán un libro adaptado ao seu nivel. Plantéxase a realización de traballos por parte dos alumnos en Power Point, que logo terán que expoñer en inglés. Os traballos versarán sobre distintos temas.

A cualificación final do alumno obterase do resultado obtido nos distintos apartados de cualificación, aos que se lle aplica unha porcentaxe.

#### Porcentaxes das distintas probas:

-Exames escritos : 60%

-Probas orais: 10%

-‘Reader’ : 10%

-Redaccións, proxectos: 10%

-Actitude : 10%

Para superar as probas que se realicen o alumno deberá obter **5** puntos sobre un total de 10.

A avaliación é continua. Posto que se trata dunha materia progresiva, en cada novo trimestre entrará materia de trimestres anteriores.

Aínda así , o feito de aprobar a 3ª avaliación non implica aprobar o curso. O alumno/a debe ser constante no seu traballo. Terase, pois , en conta o seu esforzo e evolución ao longo do curso.

#### Avaliación da proba extraordinaria de setembro

A proba extraordinaria de setembro cualificarase do seguinte xeito:

-proba escrita ( reading, writing, listening, speaking, vocabulary , grammar e libro de lectura): 90%

-actitude e interese ( tarefas realizadas no verán , entregadas correctamente): ata un 10%